

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

ORDE do 11 de setembro de 2025 pola que se publica a redistribución do crédito da Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas dirixidas ao sector da acuicultura para investimentos produtivos e creación de empresas, investimentos para a neutralidade climática e servizos de asesoramento, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE205F), modificada pola Orde do 5 de febreiro de 2025 (Diario Oficial de Galicia número 26, do 7 de febreiro).

O 10 de xaneiro de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas dirixidas ao sector da acuicultura para investimentos produtivos e creación de empresas, investimentos para a neutralidade climática e servizos de asesoramento, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE205F).

A dita orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas destinadas ás seguintes accións:

1. Modalidade A: axudas destinadas á realización das actuacións que teñen por obxecto fomentar a competitividade e a sustentabilidade do sector da acuicultura e impulsar o espírito empresarial.
2. Modalidade B: axudas destinadas a contribuír á neutralidade climática mediante a redución da pegada de carbono, o incremento da eficiencia enerxética e a reconversión a fontes de enerxía renovables.
3. Modalidade C: axudas destinadas a mellorar o rendemento, a competitividade e a sustentabilidade das explotacións acuícolas a través dos servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, tecnolóxico, xurídico ou económico ás explotacións.

A Orde do 17 de decembro de 2024 establece no seu artigo 3.2 que se poderá ampliar o importe fixado na convocatoria no caso de que exista crédito dispoñible derivado dunha



xeración, ampliación ou incorporación de crédito, de remanentes doutras convocatorias ou en calquera dos casos e coas condicións establecidas no número 2 do artigo 30 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro), sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto, respectando o disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Así mesmo, no artigo 3.4 establece que a distribución de fondos establecida para cada anualidade en cada unha das aplicacións orzamentarias poderá axustarse, tras a análise das solicitudes presentadas, sen incrementar o crédito total.

Tendo en conta que este ano, polo número e contía das axudas correspondentes á modalidade A, o crédito orzamentario non é suficiente para atender as solicitudes que cumpren cos requisitos, procede redistribuír o crédito orzamentario para a concesión de axudas destinadas á realización das actuacións que teñen por obxecto fomentar a competitividade e a sustentabilidade do sector da acuicultura e impulsar o espírito empresarial.

Por todo o anterior, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único

Primeiro. Modifícase o crédito destinado ás axudas convocadas na Orde do 17 de decembro de 2024, redistribuíndo o previsto na dita orde entre as diferentes modalidades de axuda:

Aplicación de orixe	Proxecto de orixe	Aplicación de destino	Proxecto de destino	Importe 2026	Importe 2027
16.02.723A.771.0	2024 00151	16.02.723A.770.4	2023 00190	1.241.226,57 €	1.250.000,00 €

Segundo. As axudas correspondentes á Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas dirixidas ao sector da acuicultura para investimentos produtivos e creación de empresas, investimentos para a neutralidade climática e servizos de asesoramento, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, tramitado como expediente anticipado de gasto



(código de procedemento PE205F), concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias que figuran no cadro que se insire dotadas na Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. Os importes máximos que se concedan no dito exercicio orzamentario ascenderán ás seguintes contías:

Crédito	Modalidade de axuda	Aplicación orzamentaria	Proxecto	Ano 2026	Ano 2027
Inicial	A	16.02.723A.770.4	2023 00190	25.000.000,00 €	20.000.000,00 €
Modificado	A	16.02.723A.770.4	2023 00190	26.241.226,57 €	21.250.000,00 €
Inicial	B	16.02.723A.771.0	2024 00151	1.250.000,00 €	1.250.000,00 €
Modificado	B	16.02.723A.771.0	2024 00151	8.773,43 €	0,00 €

Terceiro. A publicación desta orde non supón a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2025

Marta Villaverde Acuña
Conselleira do Mar

CVE-DOG: fkw4gwg5-tbb6-5cr3-5p48-okjxq6gsu0r5

